

A AELG escolle os finalistas dos premios ás mellores obras do ano en galego

REDACCIÓN**GALICIA**

cultura@xornaldegalicia.com

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) anunciou onte a identidade dos finalistas dos Premios AELG, que elixen anualmente a mellor obra publicada en galego nos distintos xéneros literarios. Estes galardóns “de escritores para escritores”, segundo os describe a asociación, entregaranse o vindeiro 14 de abril na Cea das Letras.

Na categoría de Poesía, os finalistas son *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza, e *O pouso do fume*, de Dores Tembrás. Tamén resultou nominado *O paraíso das sombras*, de Cesáreo Sánchez Iglesias, pero foi retirado a petición do autor, por ser o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

No xénero narrativo, os tres finalistas son *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez; *O Cabo do Mundo*, de Xabier Quiroga, e *Unha historia que non vou contar*, de Cid Cabido, que tamén son tres das novelas máis vendidas dos últimos

meses. No que respecta ao tea-

Cesáreo Sánchez foi nominado, pero renunciou por ser o presidente da AELG

tro, os escollidos pola AELG son *Delimvois*, de Rubén Ruibal; *Medea dos fuxidos e outras pezas*, de Manuel Lourenzo, e *Sempre quixen bailar un tango*, de Teresa González Costa.

Naliteratura infantil e xuvenil chegaron á final catro obras, dúas delas de Agustín Fernández Paz, *Lúa do Senegal* e *Valados*, que compiten con *As de bolboreta*, de Rosa Aneiros –Premio Caixa Galicia 2009–, e *O Brindo de Ouro II. A táboa da Hospitalidade*, de Xesús Manuel Marcos.

Seguen os mellores ensaios do ano, *A mecánica da maxia*, de Manuel Forcadela; *As razóns do galego*, de Henrique Monteagudo, *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*, de Alonso Montero e *Soñadores e Familia*, de María Xesús Nogueira. Tamén existen premios para o mellor blog literario, tradución e á traxectoria xornalística. ■